



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

BANDO

**MARÍA TERESA BARJE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE A BOLA (OURENSE).**

INFORMA:

A Deputación Provincial de Ourense convoca as **Subvencións para o alugueiro de axudas técnicas e adaptación de vivendas de persoas maiores de 65 anos.**

OBXECTO

Concesión de axudas individuais, destinadas a persoas físicas, maiores de 65 anos, que precisan contratar un servizo para a adecuación funcional da súa vivenda habitual e/ou alugar Axudas Técnicas para incorporar ao seu día a día, co fin de mellorar a súa autonomía e propiciar a súa permanencia no seu fogar en condicións de seguridade, mellorando a súa calidade de vida e procurando a súa permanencia na súa contorna social e familiar o maior tempo posible. .

PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas interesadas deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

1. Ter **máis de 65 anos** cumpridos ou a cumprirse no ano 2025.
2. Estar empadroados nun municipio da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes.



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

3. Ter unha renda anual inferior ou igual a tres veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM en 2025 de 600€).
4. Teranse en conta os servizo de adecuación de vivenda e/ou alugueiro de axudas técnicas efectuados dende o 1 de xaneiro de 2025.
5. Estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social.

GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Alugueiro de Axudas Técnicas.
2. Adaptacións de vivendas:
 - Adaptación de cuartos de baño.
 - Adaptación para a mellora da accesibilidade en habitacións.
 - Colocación de ramplas ou eliminación de banzos.
 - Colocación de varandas ou pasamáns.
 - Alargue/eliminación/nova construción de portas.
 - Instalación de chans antiescorregadizos.
 - Elementos de información, comunicación ou aviso que permitan a orientación (luces de movemento, avisadores luminosos).

CONTÍA DAS AXUDAS.

Subvención máxima de 2.000€. Non poderá exceder o 100% do gasto total.



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

DOCUMENTACIÓN

- Copia do DNI, ou documento identificativo, no caso de non autorizar á súa consulta.
- Copia do certificado de empadramento do/a solicitante, no caso de non autorizar á súa consulta.
- Certificado da Renda expedido pola AEAT da persoa solicitante, so no caso de non autorizar á súa consulta.
- Orzamento ou factura que xustifique o custo do servizo solicitado emitido a nome da persoa que solicita a subvención. Este orzamento ou factura deberá vir cos conceptos unitarios desagregados de forma que se poidan comprobar os gastos considerados correntes e gastos de investimento.
- Orzamento ou factura do alugueiro da axuda técnica emitido a nome da persoa solicitante da axuda.
- Documentación acreditativa fidedigna da titularidade, usufructo ou arrendamento da vivenda sobre a que se actuará ou equipará (copia da escritura de compra, certificado catastral do inmovible a nome da persoa solicitante, contrato de alugueiro a nome da persoa solicitante ou calquera outro documento probatorio).
- Certificado emitido pola AEAT onde conste a non obrigación de presentar o imposto da renda das persoas físicas da persoa solicitante.



CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación iniciárase o vindeiro **9 de xuño de 2025** e remata o **9 de xullo de 2025**, e en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario. Tramitarase por concorrencia non competitiva (por orde de entrada no rexistro), ata esgotar o crédito dispoñible. .

A Bola, 3 de xuño de 2025.

A Alcaldesa